

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xoán Carlos Domínguez Alberte: As horas luminosas

Poesía do mar e do amor

As horas luminosas

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Follas Novas, Santiago, 2005. 60 páxs.

Tradutor de textos literarios ao galego (Bécquer, Esopo, Ovidio...) e estudoso de poetas coma Blanco Torres ou Manuel Luís Acuña, Xoán Carlos Domínguez Alberte ofrécenos agora o seu segundo poemario, tras un silencio de cinco anos, despois da súa estrea na poesía con *Material de outono* (2000). O poemario que agora comentamos preséntanos as vivencias amorosas do poeta no marco narrativo dunha viaxe e estancia nos Azores. A recreación gozosa da paisaxe mariñeira combínase coa experiencia dun amor pleno e feliz. Estamos, xa que logo, ante un poeta fundamentalmente optimista.

- 07:02 29/06/2005

O poeta e a amada viaxan cara aos Azores para gozaren do seu amor en comunión coa paisaxe mariñeira. O sensualismo do mar aparece na cor azul, no seu arrecendo, no sabor salgado da chuvia, no sol, nas augas transparentes... O poeta sente o pracer de confundirse con esta auga do mar.

A amada é unha especie de prolongación deste mar. Garda no seu corpo o sol, o aroma, o sal, o iodo, mesmo o verde das algas do mar. O poeta tamén navega, nada gozosamente nese corpo que garda as esencias do océano.

O mar e o amor son vistos con placidez. É un mar en que nunca aparecen tempestades, tranquilo, calmo. O mesmo ocorre co amor. O amor é paixón compartida e correspondida, sen sobresaltos, gozando tanto do corporal coma do espiritual. Neste sentido é un acerto do poeta o emprego de encabalgamentos suaves que suxiren esta harmonía, este decorrer tranquilo tanto do mar coma da paixón amorosa.

Domínguez Alberte manexa con acerto as técnicas tradicionais, pero sobre todo amósase como un bo coñecedor das técnicas visionarias propias da poesía moderna. Excelente é esa visión do mar como *corredoiras con algas* pola que pasea o poeta namorado, tanto da muller coma do mar. Tamén acerta o autor habitualmente na adxectivación, sempre suxestiva, como nesas "emocións acuáticas / sal verde, húmido, sonoro". A sinestesia e a cenestesia enriquecen moitas destas adxectivacións. Ás veces os adxectivos e as metáforas encadéanse para tratar de expresar o inefable, pois a linguaxe resulta por veces insuficiente para comunicar toda a riqueza da intimidade e do mundo.

Moi fermoso é tamén o remate do poemario. Acabou a viaxe e a experiencia amorosa. Cómpre regresar á vida de cada día. Pero o poeta supera o paso do tempo pola lembranza. Queda o recordo do amor gozoso vivido nese paraíso atlántico. A escrita, a poesía é a encargada de eternizar eses momentos de plenitude e felicidade. Por iso, optimismo ata o final.

Só cómpre pedirlle ao autor que siga no seu labor poético e que non nos faga esperar outros cinco anos por unha nova obra.